



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 03/01/2015

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día tres de xaneiro de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Juan Silva Jallas
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D. Manuel Soto Pérez

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García
Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2014.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 29 de novembro de 2014 ao non formularse observacións.

2. Proposta de resolución do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle de Bañas, aprobado definitivamente polo Pleno na sesión do 26 de maio de 2012.

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O 26/05/2012 o Concello Pleno aprobou definitivamente o estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumen en Bañas, redactado polo arquitecto D. Amancio Losada Vicente e promovido por D.^a Milagros Lobelos Casal e D. Carlos Manuel Vidal Redondo. Dito acordo foi notificado aos solicitantes o 19 de xuño de 2012 (RS 2642).

II.- Os anuncios de aprobación definitiva foron publicados no BOP nº 146 o 2 de agosto e no DOG nº 167 o 3 de setembro de 2012.

III.- En cumprimento do disposto no artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas certificación do acordo de aprobación definitiva do instrumento urbanístico, así coma copia autenticada de dous exemplares do mesmo, en data 27/09/2012 (RS 4036).

IV.- O 16 de outubro de 2012 (RE 7619) a Consellería require a este concello para que *“ó abeiro do disposto no artigo 92.5 da LOUG, anule, no prazo máximo dun mes, o acordo do Pleno de data 27 de maio de 2012.”* Os motivos son os expostos nos fundamentos xurídicos do requirimento.

V.- O 22/10/2012 mediante providencia da Alcaldía (RS 4453) dáselle audiencia aos interesados, por un prazo de quince días hábiles. Foi notificada ese mesmo día.

Dita providencia foi comunicada á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (RS 4468).

Mediante providencia da Alcaldía de 22/10/2012 remitiuse o requirimento da Xunta de Galicia ao arquitecto municipal.

VI.- O 24/10/2012 solicitouse ampliación do prazo para cumprir o requirimento (un mes) á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (RS 4486).

VII.- O 08/11/2012 (RE 8236) D.^a Milagros Lobelos Casal presenta escrito de alegacións ante o concello.

VIII.- A Secretaría municipal emite informe o 15/11/2012, favorable á anulación.

IX.- O Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 24/11/2012, acordou retirar o asunto da orde do día, a fin de incorporar o informe do arquitecto municipal.

X.- O 26/11/2012 o Sr. Alcalde solicita informe técnico e xurídico á Deputación (RS 5107). Na mesma data solicita informe ao arquitecto municipal.

XI.- O 29/11/2012 o Sr. Alcalde solicita á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo unha ampliación do prazo para atender ao requirimento (RS 5168).

XII.- O arquitecto municipal emite informe o 11/12/2012, no que sinala *“(...) En la resolución de la Sentencia General de 11 de octubre de 2012 se introducen criterios interpretativos que, como acabo de exponer, no tienen encaje si no se modo muy forzado en el ordenamiento urbanístico (cuando no son lisa y llanamente erróneos), haciéndolos pasar por fundamentos jurídicos. NO PUEDE ACEPTARSE, en mi opinión, exhibir dichos criterios como argumentos para requerir la anulación de un acuerdo al amparo del artículo 92.5 de la L.O.U.G.A. pues son competencia municipal.”*

XIII.- O 27/12/2012 con RE 9587 recíbese escrito da secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, comunicando que, dado que o concello non atendeu ao requirimento, vaise interpoñer recurso contencioso-administrativo.

XIV.- O 23/01/2013 con RS 452 o Sr. Alcalde reitera a solicitude de informe á Deputación Provincial.

XV.- O Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 26/01/2013, acordou deixar o asunto sobre a mesa.



Concello de Vimianzo

Foille notificado aos promotores do estudo de detalle o 04/03/2013 (RS 980) e douselle traslado dunha certificación do acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 05/03/2013 con RS 991.

XVI.- O TSXG remitiu oficio emplazando ao concello e requirindo a remisión do expediente administrativo (P.O. 0004149/2013), recibido no concello o 04/03/2013 con RE 1444. Remítese a copia do expediente o 26/03/2013 con RS 1302.

XVII.- Na sesión ordinaria celebrada o 06/04/2013 o Pleno, en base a unha emenda presentada pola oposición, acordou nomear avogado a D. Manuel Antelo Trillo e procuradora a Dona Belén Casal Barbeito.

XVIII.- O 24/02/2014 o Sr. Alcalde remite copia do estudo de detalle a D. Xosé Francisco Freire, arquitecto da Deputación (RS 998).

XIX.- O 11/04/2014 con RE 2760 a secretaria do TSXG remite testemuña literal da sentenza recaída no P.O. 0004149/2013-E, ditada o 05/12/2013, declarada firme, cuxo fallo é o que se transcribe: ***"FALLAMOS: Que debemos declarar y declaramos la inadmisibilidad del recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, contra resolución del pleno del Concello de Vimianzo de 26 de mayo de 2012, por el que se acuerda aprobar definitivamente el estudio de detalle de señalamiento de alineaciones y volúmenes en Bañías, así como contra la desestimación presunta del requerimiento de anulación realizado por la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; sin hacer especial condena en costas."***

XX.- O 11/04/2014 con RE 2763 o presidente da Deputación Provincial remite informe emitido polo Servizo de Asistencia Técnica Urbanística respecto do "axuste á ordenación urbanística dun estudo de detalle en Bañías".

XXI.- Por Providencia da Alcaldía de data 9 de xuño de 2014 solicítase informe a esta secretaria respecto do procedemento aplicable para a anulación do estudo de detalle aprobado polo Pleno na sesión do 26/05/2014. Informe emitido o 17 de xullo de 2014.

XXII.- O Pleno do Concello acorda o inicio do expediente de revisión de oficio na sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2014. O acordo foi notificado aos interesados o 29 de xullo de 2014 (RS 4436).

O 13 de agosto de 2014, con RE 6533, os interesados presentan escrito de alegacións.

Consta informe xurídico emitido pola secretaria o 6 de novembro de 2014, de análise das alegacións, no que conclúe que o expediente caducou automaticamente polo transcurso do prazo de tres meses sen resolver, e propón que se incoe novamente.

XXIII.- O Pleno do Concello declara a caducidade do expediente de revisión de oficio e acorda o inicio dun novo expediente, na sesión celebrada o 14 de novembro de 2014.

O acordo foille notificado aos interesados o 18 de novembro de 2014 (RS 6795), outorgándolle un prazo de quince días hábiles para presentar alegacións.

Os interesados presentan escrito de alegacións o 4 de decembro de 2014, con RE 9743.

Consta informe xurídico emitido pola secretaria o 18 de decembro de 2014, de análise das alegacións presentadas, que conclúe a desestimación das mesmas.

II.- LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Artigos 73, 86.2, 89 e 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG);
- RD 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento (arts. 65 e concordantes);
- RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF);
- Artigo 217 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA);
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL);
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo;
- Lei 9/1995, do 10 de novembro, reguladora do Consello Consultivo de Galicia.

III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

I.- Consta no expediente requirimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, asinado o 11 de outubro de 2012 pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e recibido o 16/10/2012 (RE 7619), de anulación do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vimianzo o 26 de maio de 2012.

Os fundamentos xurídicos da anulación son os expresados no requirimento da Consellería, que se transcriben literalmente a continuación:

(...) FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Analizada a documentación remitida polo Concello de Vimianzo, cómpre formular as seguintes consideracións:

1. *Nos exemplares remitidos non figura na súa parte escrita, agás a portada, a dilixencia facendo constar a súa aprobación definitiva, que é preceptiva conforme ao artigo 92.3 da LOUG, nin outro selo nin dilixencia municipal.*
2. *O estudo de detalle non se refire a un quinteiro ou unidade urbana equivalente, senón só a unha única parcela. Isto, ademais de ser unha infracción do artigo 73.1 da LOUG, impide integrar axeitadamente a ordenación proposta no estudo de detalle, que altera a posición das medianeiras da edificación permitida na parcela, coa das parcelas colindantes, non afectadas por el.*
3. *O Estudo de detalle incumpre os seguintes parámetros da ordenanza URLI:*
 - *Usos principal e permitidos: o estudo de detalle xustifica a modificación dos volumes edificables con base na consideración de que se trata dunha vivenda unifamiliar, uso non previsto entre o principal e os permitidos na ordenanza URLI, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.h) da LOUG.*
 - *Recuados: a ordenanza remite ao plano de rede viaria para a súa fixación, plano no que non se sinala recuado ningún para o ámbito, en coherencia coa tipoloxía de edificación entre medianeiras prescrita nela, mentres que o estudo de detalle prevé recuados en parte da fronte de edificación na extrema coa parcela colindante; vulnerase así o disposto no artigo 73.2.g) da LOUG.*
 - *Profundidade máxima edificable: é de 18 m na ordenanza URLI, cando no proxecto acada todo o fondo da ordenanza URLI, uns 32 m, aumentando así a ocupación do solo en plantas altas, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.e) da LOUG.*
 - *Por último, o estudo de detalle establece unha ordenanza específica para a parcela que altera as ordenanzas URLI e URFI para ela, o que está prohibido polo artigo 73.2.h) da LOUG.*



Concello de Vimianzo

A pretendida harmonización cun contorno de vivenda unifamiliar non pode realizarse mediante estudo de detalle alterando as determinacións do planeamento xeral que desenvolve, sendo materia propia dunha modificación deste.

En consecuencia, o estudo de detalle, máis alá das cuestións documentais relativas ao seu dilixenciado, incumpre a normativa no sinalado nos puntos 2) e 3) anteriores."

II.- Consta no expediente informe de data 31/03/2014 do arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) remitido a este concello o 11/04/2014, con RE 2763 polo presidente da Deputación Provincial. O informe pronúnciase respecto do "axuste á ordenación urbanística dun estudo de detalle en Baíñas" e ten un total de 58 páxinas, que conclúe o seguinte (páxs. 54 a 58):

"(...) 6.2 Alegación razoada

Consonte a previsión constitucional de que as Comunidades Autónomas poden asumir competencias en ordenación do territorio, urbanismo ou vivenda (art. 148.1.3 da CE/1978), o seu Estatuto de Autonomía atribúe a Galicia a competencia exclusiva nestas materias (art. 27.3 do EAG/1981).

Sen prexuízo do anterior, a sentenza do Tribunal Constitucional do 20/03/1997, (STC 61/1997), que derogou a maior parte da anterior reforma legislativa en materia urbanística constituída pola L 8/1890 e o RDL 1/1992, confirmou a competencia estatal para establecer as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito da propiedade do solo en todo o territorio español. Este recoñecemento de competencia esténdese tamén á regulación doutras materias que inciden no urbanismo, como son a expropiación forzosa, as valoracións, a responsabilidade das Administracións públicas ou o procedemento administrativo común (art 149.1 da CE/1978).

En todo caso, as normas estatais prevalecen sobre as das Comunidades Autónomas en todo o que non estea atribuído á exclusiva competencia destas (art 149.3 da CE/1978).

6.2.1 Clasificación do solo

Con base na información obtida dos documentos que se achegaron, o ámbito territorial de Vimianzo correspondente ao estudo de detalle en cuestión estaría clasificado como solo urbano consolidado (transt. 1ª.1.b, en relación co 12.a da LG 9/2002). A devandita clasificación de solo equivale no substancial á situación básica de solo urbanizado regulado pola lexislación estatal (art. 12.3 do RDL 2/2008).

Esta condición de solo en situación básica de urbanizado confirmaríase pola existencia dos servizos urbanísticos básicos que se detectaron na inspección realizada aos terreos e pola información obtida nos correspondentes planos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local.

6.2.2 Unidade urbana completa

O estudo de detalle refírese a unha única parcela, sen cumprir coas previsións legais de ordenar un quinteiro ou unidade urbana completa equivalente (art. 73.1 da LG 9/2002).

Polo citado motivo, semella que tería sido o máis procedente requirir ao interesado para que corrixisse esta deficiencia en prazo ou ben declarar inadmisíbel a tramitación solicitada (art 71, 89.4 da L 30/1992; respectivamente).

6.2.3 Adaptación Ambiental

A Composición arquitectónica de edificación acaroada aos lindes de parcela non resulta congruente coa tipoloxía illada do seu contorno, vulnerando a normativa de adaptación ambiental que resulta de aplicación directa (art. 10.2 do RDL 2/2008, 104.c da LG 9/2002), ao posuír un de rango xerárquico superior á procedente do planeamento xeral.

6.2.4 Ordenación detallada

As condicións de uso e volume aplicabeis a esta operación de crecemento urbano están fixadas polas disposicións da ordenanza municipal reguladora de solo urbano consolidado correspondentes ás ordenanzas URLI e URFI das normas urbanísticas das NSPV/1994; en todo o que non se opoña á normativa xerarquicamente superior que se citou nos 2 apartados anteriores.

A esas condicións de volume do planeamento xeral se engaden outras de maior precisión pormenorizada que, por non constar publicadas, resultarían inaplicábeis e deben ser substituídas polas que correspondan das NSCPP/1991.

Os particulares posúen o dereito de iniciativa na execución da urbanización, sexan ou non propietarios do solo (art. 6.a do RDL 2/2008; 3.1.b/7, 4.f 5.3, 108.3 da LG 9/2002). Ademáis, baixo determinadas condicións, están facultados para formular previamente os plans de desenvolvemento urbano que correspondan, sempre que contén coa aceptación dos propietarios do solo que representen máis do 50% do ámbito superficial afectado (art. 74, 79 da LG 9/2002); circunstancias todas que parecen concorrer no caso que nos ocupa.

A partir destas permisas básicas que non ofrecen maior dúbida, calquera solución de ordenación de detalle que se proxecte neste ámbito debería respectar as condicións de uso e volume que resultan de aplicar as citadas ordenanzas das NSPV/1994.

Non sucede así co estudo de detalle que nos ocupa, debido a que pretende excepcionar no seu ámbito o cumprimento da condición de volume da ordenanza URLI que determina un fondo máximo edificable de 18m.

Consecuentemente, ademáis da improcedencia de non referirse a unha unidade urbana completa e da vulneración que se refire á falla de adaptación ambiental, este instrumento de planeamento incumpre a ordenación urbanística vixente por non observar a limitación establecida mediante un parámetro específico das condicións de volume das NSPV/1994 (art. 73.2 da LG 9/2002).

6.2.5 Nulidade de aprobación

As infraccións detectadas á ordenación urbanística vixente vulneran disposicións administrativas de rango xerárquico superior (art. 62 da L 30/1992), presentes na lexislación urbanística especial, así como no propio planeamento xeral, significando por tanto unha reserva de dispensación para este ámbito (art. 101.2 da LG 9/2002).

Pola razón anterior, resultaría procedente atender ao requirimento de anulación efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

7 Consideracións finais

Con independencia da opinión que se sostén neste informe, o concello de Vimianzo podería dirixirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando que estenda



Concello de Vimianzo

expresamente o seu pronunciamento anterior a todas as cuestións de legalidade que afectan a esta actuación urbanística.

A petición anterior faríase en razón á competencia xeral autonómica para interpretar as situacións básicas de solo que corresponden no réxime transitorio dun planeamento xeral sen adaptar ao marco legal vixente, así como para precisar os límites dentro dos que a iniciativa particular -en exercicio da libre empresa, sexa o non propietaria de terreos- está facultada para elaborar instrumentos de ordenación (art. 6.5, 8.3.b do RDL 2/2008; 3, 4, 74, 90 da LG 9/2002) e/ou exercer o seu dereito completar a urbanización e edificar (art. 8.5/6 do RDL 2/2008, 17 da LG 9/2002).

Esta consideración atende, de xeito analóxico (art. 4.1 do CC/1989), á recomendación contida no apartado 4 da CI 2/2003 para resolver as posibles dúbidas que se produzan pola falla de adaptación dos plans ao presente marco legal na especial materia urbanística, constituído substancialmente polo RDL 2/2008 (modificado polo RDL 8/2011, L 8/2013 e L 27/2013) e a LG 9/2002 (modificada polas LG 15/2004, LG 6/2007, LG 3/2008, LG 6/2008, LG 2/2010, LG 15/2010 e LG 8/2012).

En todo caso, calquera solución que se adopte debería observar o principio xeral de interpretación integrada das normas xurídicas (art. 3 e 4 do CC/1889) conforme ao principio de desenvolvemento urbanístico sustentable (art. 2 do RDL 2/2008) e aplicando os criterios de maior protección ambiental (art. 6 da LG 9/2002 e demais normativa concordante).

Consonte todo o anteriormente exposto; no contexto do que vai dito; sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes aos achegados; tratando de actuar en congruencia cos motivos que xustifican a intervención administrativa dos actos de uso do solo e de prestar atención ao espírito e finalidade da normativa vixente; extraío -salvo mellor criterio para os efectos de pronunciamento, cara á correspondente proposta de resolución, as seguintes

Conclusionés

Primeira Axuste a ordenación urbanística

O estudo de detalle aprobado vulnera a ordenación urbanística vixente, porque a edificación proxectada:

- 1 non contempla un quinteiro ou unidade urbana equivalente*
- 2 adopta unha posición acaroadada aos seus lindes que non resulta congruente coa tipoloxía do contorno*
- 3 modifica o emprazamento determinado polo planeamento xeral, mediante o aumento do fondo máximo edificable da ordenanza URLI*

Segunda Anulación requirida pola Consellería

Procedería atender o requirimento en cuestión porque non se ordena unha unidade urbana completa equivalente e por considerarse nulas de pleno dereito tanto a falla de adaptación ambiental ao contorno como a reserva de dispensación do fondo máximo edificable determinado polo planeamento xeral.

Non obstante, considerando os informes técnicos e xurídicos que emitan os seus propios Servizos, esa Corporación adoptará os acordos que xulgue máis procedentes.

Este é o meu informe que, composto de 58 follas numeradas e sometido a opinións mellor fundadas, emito para o Concello de Vimianzo co fin de que conste para os efectos oportunos.

A Coruña, 31 de marzo de 2014

O arquitecto-xefe do SATU

Xosé Fco. Freire”

III.- A secretaria municipal emitiu informe o 18/12/2014, do que se transcriben íntegramente as consideracións xurídicas:

“(…) Primeira.- Análise das alegacións presentadas polos interesados mediante escrito con RE 6533.

Como cuestión previa, e antes de entrar no estudo das alegacións, cabe mencionar que os interesados presentaron o escrito de alegacións dentro do prazo de quince días hábiles outorgado ao efecto.

Respecto ás alegacións, compre expoñer o contido das mesmas, para o seu análise posterior, que se realizará conxuntamente.

1ª alegación: “Entendemos gravemente infringidos ambos principios (seguridad jurídica y confianza legítima) con la incoación de este procedimiento, por cuanto la Xunta impugnó el mismo ante el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. DURANTE ESTE PROCEDIMIENTO EL CONCELLO DE VIMIANZO DEFENDIÓ LA LEGALIDAD DEL ESTUDIO DE DETALLE, por lo que no procede ir contra sus actos ahora, tal y como expondremos más adelante.”

2ª alegación: “Segunda.- INFRACCIÓN DEL PRINCIPIO DE LA CONFIANZA LEGÍTIMA.”

(...) La doctrina viene estableciendo una serie de requisitos que considera de inexcusable concurrencia para que pueda entenderse que en un supuesto concreto se produce el derecho a la protección del Principio de Confianza Legítima a favor de los administrados en sus relaciones con las Administraciones Públicas.

Así, se exige, en primer término, que exista un acto o declaración de la Administración lo suficientemente concluyente para provocar en los afectados la confianza que a su vez pueda generar tres situaciones distintas en el administrado:

a).- **Confianza del afectado en que la Administración actúa correctamente. Y en este caso concreto el Estudio de Detalle, que ahora pretende revisarse, fue informado favorablemente por el Arquitecto Municipal D. Julio Vázquez Rodríguez, firmado en Vimianzo el 5 de marzo de 2012; fue informado favorablemente por el Secretario Municipal D. Rafael del Barrio Berbel, en Vimianzo, el 12 de marzo de 2012; fue aprobado inicialmente,, a propuesta de la Junta de Gobierno, en la sesión de 19 de marzo de 2012, notificado a los dicentes por escrito de 2 de abril de 2012 del Secretario D. Rafael del Barrio Berbel; sometido a información pública por un período de veinte días en el diario La Voz de Galicia el 24 de marzo y el 17 de abril en el Diario Oficial de Galicia, no habiéndose formulado alegaciones contra el mismo; sometido a dictamen de la Comisión Informativa Permanente de Urbanismo e Obras; y aprobado definitivamente el 26 de mayo de 2012. ¿Acaso todos estos informes y trámites no son merecedores del tantas veces invocado Principio de Confianza Legítima de los administrados aquí alegantes? ¿Es que acaso – si no fuese bastante con lo ya expuesto-, la defensa que ante la Jurisdicción Contencioso-Administrativa hizo el Concello de Vimianzo, no sirven ya no sólo para reforzar dicha confianza, sino también, para cuestionarse la pretendida nulidad radical invocada ahora por el Concello para esta pretendida revisión de oficio? Sin duda, si.**

b).- **Confianza del afectado en que es lícita la conducta que mantiene en su relación con la Administración; parece que esto último queda constatado con los anteriores interrogantes; y**

c).- **Confianza del afectado en que sus expectativas, como interesado, son razonables. ¿Acaso con lo ya hasta ahora expuesto no se cumplen ahora también esas expectativas que hasta ese momento al Concello, a los funcionarios, y al resto del personal integrante del mismo le parecieron ahora tan razonables?.**

De este Principio de Confianza Legítima, también debe señalarse que opera como límite del ejercicio de las potestades administrativas: Supone que las Administraciones no pueden defraudar las esperanzas de los ciudadanos cuando se ha



Concello de Vimianzo

actuado correctamente y que sus expectativas son razonables; y que deben resarcirse la frustración de las expectativas legítimas generadas a favor de los ciudadanos. Resarcimiento que expondremos más adelante.”

3ª alegación: “Tercera.- LIMITACIÓN DEL ART. 106 DE LA LEY 30/92.

Establece este precepto:

Artículo 106 Límites de la revisión.

Las facultades de revisión no podrán ser ejercitadas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resulte contrario a la equidad, a la **buena fe**, al derecho de los particulares o a las leyes.

Tal y como antes señalamos, cuando la Xunta impugnó el Estudio de Detalle ante el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, DURANTE ESE PROCESO EL CONCELLO DE VIMIANZO DEFENDIÓ LA LEGALIDAD DEL MISMO, por lo que no procede ir en contra de sus actos ahora, tal y como expondremos más adelante.”

4ª alegación: “Cuarta.- NO EXISTE CAUSA DE NULIDAD

A mayor abundamiento, para el caso de que se entre a conocer el fondo de la cuestión, y con la finalidad de agotar todos los medios de defensa, analizaremos el fondo de la cuestión para apreciar que no existe incumplimiento de ningún requisito esencial. A tal efecto, procederemos a analizar las causas de nulidad aducidas por la Xunta, y ahora el Concello, estima aptas para sustentar un procedimiento tan grave como el presente.

A) FALTA DE REFERENCIA A UNA MANZANA

No existe infracción alguna. El art. 73.1 de la LOUG no exige imperativamente la obligatoria inclusión de varias parcelas en un Estudio de Detalle, sino que establece que “podrán” realizarse con carácter general sobre manzanas o unidades equivalentes. No estamos ante una norma taxativa, sino que estamos pues ante una directriz, que puede ser superada en un caso concreto. No existe infracción alguna para poder decretar la nulidad.

“Artículo 73 Estudios de detalle

1. En desarrollo de los planes generales, planes parciales y especiales **podrán** redactarse estudios de detalle para manzanas o unidades urbanas equivalentes completas con los siguientes objetivos:”

Lo mismo podemos decir de la alteración de las medianeras colindantes. Sería un problema fácilmente subsanable con la aprobación de otro estudio de detalle que analizase estas cuestiones, cuestión que no se creyó conveniente por los técnicos municipales en su momento. Se trata de una cuestión de apreciación arquitectónica casuística en la que no pueden hacerse juicios apriorísticos de vulneración grave y esencial de la LOUGA.

B) CAMBIO DE USO

Confunde la Xunta, dicho sea con todos los respetos dos conceptos urbanísticos muy diferentes: uso y tipología edificatoria y otra muy diferente es que se cambie el uso, que como se aprecia no se modifica pues sigue siendo residencial. No existe limitación alguna en la LOUGA para que un estudio de detalle pueda modificar en la reordenación volumétrica a la que se destina a este tipo de instrumentos de planeamiento de desarrollo, la tipología edificatoria. Desde luego no se modifica el uso que sigue siendo residencial.

C) INFRACCIÓN DEL ART. 37.2.B POR MODIFICACIÓN DE LOS RETRANQUEOS

Establece el precepto que se dice infringido:

“2. Los estudios de detalle en ningún caso podrán:

g) Desconocer o infringir las demás limitaciones que les imponga el correspondiente plan.”

Como se reconoce ni en la ordenanza ni en los planos de red viaria se establece retranqueo alguno. Ahora bien el Estudio de detalle las crea dentro de lo que significa la reordenación volumétrica del sólido capaz previsto. Por tanto no existe infracción alguna de las ordenanzas o del plan, por cuanto, se está reordenando un volumen.

Viene expresamente admitida dicha posibilidad en el art. 73.1.a de la LOUGA:

“a) Completar o reajustar las alineaciones y rasantes.”

D) PROFUNDIDADE MÁXIMA

No existe infracción aducida. El estudio de detalle, al cambiar la tipología edificatoria no aumenta la ocupación, sino que da libertad para ubicar la edificación sobre la parcela. Por tanto resulta irreal pensar (máxime cuando el proyecto edificatorio está ya confeccionado y presentado en el concello) que se pretenda o permita permitir edificar una construcción destinada a edificación unifamiliar de 32 metros de profundidad. Lo único que se está haciendo, reiteramos, es modificar la zona en la que se ubican las construcciones, permitiendo que la unifamiliar se sitúe en dicha

franja.

Se previa en el proyecto para el que se solicitó la licencia.

E) ESTABLECIMIENTO DE UNA NUEVA ORDENANZA

Se trata de la constatación de los elementos reinterpretados dentro de una norma y en si no constituye una ordenanza nueva, ya que no modifica en lo sustancial la existente.

Por tanto no existe ninguno de los incumplimientos que se dicen, y mucho menos en una intensidad tan importante para declarar la nulidad del estudio de detalle.

5ª alegación: “Quinta.- RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL.”

En relación cos tres primeiros motivos de alegación, debe decirse o seguinte:

1º. O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 24 de novembro de 2012, tal como se expuxo nos antecedentes, non atendeu en prazo o requerimento de anulación realizado pola Secretaría Xeral de Urbanismo, deixando o asunto sobre a mesa (a proposta da Alcaldía de atender ao requerimento de anulación) en tanto non se incorporase informe do arquitecto municipal, en contra do informado pola funcionaria que suscribe.

Posteriormente, na sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2013, o Pleno acorda novamente deixar o asunto sobre a mesa, agora á espera dun informe solicitado á Deputación provincial.

Polo tanto, a situación actual é consecuencia da pasividade da administración local diante do requerimento da administración autonómica, pasividade que obviamente acarrexou a interposición de recurso contencioso-administrativo diante do TSXG por parte da Xunta, que rematou con sentenza ditada o 5 de decembro de 2013.

2º. Posteriormente, e xa interposto recurso contencioso-administrativo pola administración autonómica, o Pleno do Concello, en sesión celebrada o 6 de abril do 2013, acordou designar avogado e procurador para persoarse no contencioso. Os profesionais designados foron propostos por sete (dos oito) concelleiros que propuxeron deixar sobre a mesa por dúas veces a anulación, obviamente no entendemento que o estudo de detalle non incorría en vicio de nulidade que xustificara atender ao requerimento da Xunta.

3º. Consta no expediente, aparte do informe xurídico emitido por esta secretaria respecto do requerimento de anulación, en data 15 de novembro de 2012, un informe emitido polo arquitecto-xefe do SATU da Deputación da Coruña, de data 31 de marzo de 2014, que conclúe tamén que o estudo de detalle incurre nun vicio de nulidade radical.

4º. A sentenza ditada o 5 de decembro de 2013 polo TSXG inadmite o recurso da Xunta por extemporáneo e, en consecuencia, non entra a avaliar o fondo do asunto (a conformidade a dereito do estudo de detalle). Como xa dixen no informe emitido o 6 de novembro de 2014, as sentencias que acollen unha causa de inadmisibilidade carecen do valor de cousa xulgada material. Transcribo novamente o fragmento daquel informe:

>>Existindo, pois, un pronunciamento xudicial sobre o asunto, cómpre analizar se procede iniciar a revisión de oficio do acto administrativo en cuestión.

A Sentencia do Tribunal Supremo de 7 de Febreiro de 2013 (rec.563/2010) di o seguinte: *“Lo que antecede pone de manifesto que en ese proceso jurisdiccional se analizaron todos los motivos impugnatorios deducidos por el recurrente, quedando desestimados por sentencia ya firme, y esto supone que, en el caso de haber sido omitido alguno, no cabe invocarlo ahora como causa de nulidad en el procedimiento de revisión de oficio una vez que la resolución sancionadora quedó firme tras el procedimiento judicial. La razón de que así deba ser es la naturaleza y finalidad que corresponde al procedimiento de revisión de oficio de actos administrativos nulos de pleno derecho, pues éste se configura como un remedio extraordinario y, como tal, subsidiario de los instrumentos procedimentales ordinarios de impugnación de actos administrativos; de modo que no resulta viable cuando para hacer valer la pretendida nulidad ya se han utilizado los cauces procedimentales ordinarios, el acto dictado ha sido impugnado ante la jurisdicción contencioso-administrativa y este proceso jurisdiccional ha terminado por resolución firme”.*



Concello de Vimianzo

Eso sí, a Sentencia do Tribunal Supremo de 18 de Xullo de 2013 (rec.814/2011) matiza que non opera a cousa xulgada e o conseguinte veto á ulterior revisión de oficio cando a sentenza non tivera “*producido un enjuiciamiento definitivo del debate jurídico planteado*” xa que queda impexulgado o debate, ben por apreciarse unha excepción que pon término ao procedemento xudicial (como sería o caso da inadmisión do recurso por presentación extemporánea) ou ben por ter desistido xudicialmente, situacións nas que non existirá tal eficacia da cousa xulgada, e quedaría aberta a posibilidade da revisión de oficio.

Nese sentido, o manual “Jurisdicción contencioso administrativo. Comentarios a la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa”, editado por El Consultor no ano 2007, refírese ás sentencias que sinalan a inadmisibilidade do recurso nos seguintes termos:

“No sólo limitan su eficacia a las partes, sino que cabe sostener que, pese a la redacción del art. 72.1 LJCA, ni siquiera producen efecto de cosa juzgada al no pronunciarse sobre la legalidad de la disposición, acto o actuación de la Administración. En este sentido, aunque la jurisprudencia no es uniforme, puede citarse la STS (Sala 4ª) de 7 Oct. 1986, que señala:

“La afirmación de que existe cosa juzgada (es) del todo improcedente si tenemos en cuenta que la sentencia de esta Sala de 10 Feb. 1983, que puso fin al citado recurso núm. 107/82, acogió una causa de inadmisibilidad, y sabido es que estas sentencias carecen del valor de cosa juzgada material, como ha declarado nuestro Tribunal Supremo, en multitud de sentencias, de las que pueden servir de ejemplo las de 19 Ene. 1970 y 12 May. 1977.”>>

O principio de legalidade debe primar respecto dos principios invocados polos promotores do estudo de detalle (seguridade xurídica, confianza lexítima e boa fe), pois ese é o sentido da modificación do réxime do instituto da revisión de oficio contido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, operada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que configura esta potestade administrativa como preceptiva (declararán) fronte ao carácter potestativo (poderán declarar) da redación anterior. Polo tanto, reitero a necesidade de iniciar un expediente de revisión de oficio cando a administración detecta nos seus actos e disposicións un vicio de nulidade radical.

A peculiaridade da revisión de oficio é a excepción que supón respecto ao principio xeral de que ninguén pode ir en contra dos seus propios actos; fronte ao principio de seguridade xurídica e de confianza xerada pola actuación administrativa ao recoñecer dereitos aos cidadáns, impónse en determinados supostos o principio de legalidade, aínda que con carácter excepcional, pola gravidade dos vicios en que incurren os actos e disposicións nulos de pleno dereito.

A facultade revisora dos actos declarativos de dereitos concíbese como un procedemento no que interesa, ante todo, o restablecemento da legalidade quebrantada, máis debe cumprir tamén unha función de garantía e a tal efecto é esencial o cumprimento estrito das formalidades legais, previstas no artigo 102 da LRX-PAC, que garantan a debida contradicción.

Respecto da alegación cuarta – a única na que se defende a conformidade a dereito do estudo de detalle – debe dicirse o seguinte:

1º. O requerimento de anulación da Secretaría Xeral de Urbanismo (con RE 7619, recibido o 16 de outubro de 2012) susténtase nos seguintes fundamentos xurídicos:

(...) FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Analizada a documentación remitida polo Concello de Vimianzo, cómpre formular as seguintes consideracións:

- 1. Nos exemplares remitidos non figura na súa parte escrita, agás a portada, a dilixencia facendo constar a súa aprobación definitiva, que é preceptiva conforme ao artigo 92.3 da LOUG, nin outro selo nin dilixencia municipal.*
- 2. O estudo de detalle non se refire a un quinteiro ou unidade urbana equivalente, senón só a unha única parcela. Isto, ademais de ser unha infracción do artigo 73.1 da LOUG, impide integrar axeitadamente a ordenación proposta no estudo de detalle, que altera a posición das medianeiras da edificación permitida na parcela, coa das parcelas colindantes, non afectadas por el.*
- 3. O Estudo de detalle incumpre os seguintes parámetros da ordenanza URLI:*

- *Usos principal e permitidos: o estudo de detalle xustifica a modificación dos volumes edificables con base na consideración de que se trata dunha vivenda unifamiliar, uso non previsto entre o principal e os permitidos na ordenanza URLI, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.h) da LOUG.*
- *Recuados: a ordenanza remite ao plano de rede viaria para a súa fixación, plano no que non se sinala recuado ningún para o ámbito, en coherencia coa tipoloxía de edificación entre medianeiras prescrita nela, mentres que o estudo de detalle prevé recuados en parte da fronte de edificación na extrema coa parcela colindante; vulnérase así o disposto no artigo 73.2.g) da LOUG.*
- *Profundidade máxima edificable: é de 18 m na ordenanza URLI, cando no proxecto acada todo o fondo da ordenanza URLI, uns 32 m, aumentando así a ocupación do solo en plantas altas, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.e) da LOUG.*
- *Por último, o estudo de detalle establece unha ordenanza específica para a parcela que altera as ordenanzas URLI e URFI para ela, o que está prohibido polo artigo 73.2.h) da LOUG.*

*A pretendida harmonización cun contorno de vivenda unifamiliar non pode realizarse mediante estudo de detalle alterando as determinacións do planeamento xeral que desenvolve, sendo materia propia dunha modificación deste. En consecuencia, o estudo de detalle, máis alá das cuestións documentais relativas ao seu dilixenciado, **incumpre a normativa no sinalado nos puntos 2) e 3) anteriores.***

2º. O informe emitido o 31 de marzo de 2014 polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística (SATU) da Deputación da Coruña conclúe o seguinte (paxs. 54 a 58, que deben transcribirte no acordo):

"(...) Consecuentemente, ademais da improcedencia de non referirse a unha unidade urbana completa e da vulneración que se refire á falla de adaptación ambiental, este instrumento de planeamento incumpre a ordenación urbanística vixente por non observar a limitación establecida mediante un parámetro específico das condicións de volume das NSPV/1994 (art. 73.2 da LG 9/2002).

6.2.5 Nulidade de aprobación

As infraccións detectadas á ordenación urbanística vixente vulneran disposicións administrativas de rango xerárquico superior (art. 62 da L 30/1992), presentes na lexislación urbanística especial, así como no propio planeamento xeral, significando por tanto unha reserva de dispensación para este ámbito (art. 101.2 da LG 9/2002).

Pola razón anterior, resultaría procedente atender ao requirimento de anulación efectuado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras."

Destes fundamentos xurídicos expostos extráese a conclusión de que, neste caso, incórrese nunhas infraccións legais determinantes da nulidade de pleno dereito do estudo de detalle, ao abeiro do art. 62.2 da Lei 30/1992.

Polo exposto, procede desestimar todos e cada un dos motivos de alegacións aducidos polos promotores do estudo de detalle.

Segunda.- Procedemento e órgano competente.

A modo de resume, e tendo en conta que xa se dou audiencia aos interesados, os trámites serán os seguintes:

- Proposta de resolución, desestimando as alegacións dos interesados e proponiendo á declaración de nulidade radical, polos motivos expostos nos documentos aludidos ao longo deste informe, que deben transcribirse íntegramente na proposta de acordo. Debe notificarse aos interesados.

- Ditame do Consello Consultivo de Galicia, de carácter preceptivo e vinculante.

Cando a revisión se inicia de oficio pola propia Administración, o prazo máximo para resolver son tres meses, e transcorrido o mesmo sen resolver prodúcese a caducidade do expediente. A remisión do expediente ao Consello Consultivo para a emisión do ditame suspende o cómputo do prazo para resolver.



Concello de Vimianzo

Isto é o que se informa, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.”

IV.- Consta proposta da Alcaldía, de data 19 de decembro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o 30 de decembro de 2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: proposta de resolución do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012

Visto o expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, iniciado por acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 14 de novembro de 2014.

Visto o escrito de alegacións presentado polos interesados, D^a. Milagros Lobelos Casal e D. Carlos Manuel Vidal Redondo o 4 de decembro de 2014, con RE 9743, no trámite de audiencia.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal o 18 de decembro de 2014, que se consta no expediente.

En conclusión, cumpridos os trámites previstos legalmente, procede desestimar as alegacións formuladas por D^a. Milagros Lobelos Casal e D. Carlos Manuel Vidal Redondo, promotores do estudo de detalle e, en consecuencia, formular proposta de resolución do expediente no sentido de **“declarar a nulidade de pleno dereito do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, ao abeiro do disposto no artigo 62.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, polos motivos expostos no requirimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaría municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC.”**

Por todo o anterior, elévase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Formular a seguinte proposta de resolución do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012: **“Declarar a nulidade de pleno dereito do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, ao abeiro do disposto no artigo 62.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, polos motivos expostos no requirimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaría municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC.”**

Segundo.- Remitir ao Consello Consultivo de Galicia o expediente relativo á revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, a efectos da emisión do ditame previsto no artigo 102 da LRX-PAC.

Terceiro.- Suspender, no momento da remisión do expediente ao órgano previsto no párrafo precedente o prazo máximo legal para resolver o presente procedemento nos termos previstos no artigo 42.5.c) da LRX-PAC.

Cuarto.- Notificar a presente resolución aos interesados.”

O alcalde explica que este é un asunto que teñen debatido en varias sesións e que por tanto resume: hai un estudo de detalle aprobado polo Pleno e que afectaba a unha única parcela en Baíñas, modificaba a ordenanza, aumentaba o fondo e prevía retranqueos. Veu varias veces ao pleno e adoptouse o acordo de revisar este acordo. Os interesados presentaron alegacións, e os informes nos que se basa este acordo son: o requirimento da Secretaría Xeral de Urbanismo, do SATU da Deputación e da Secretaría municipal. Agora debe remitirse o expediente ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do ditame preceptivo e vinculante.

O Sr. Miñones Riveiro sinala que o seu grupo abstívose dende o principio e vai seguir nesa oposición, non obstante respeta os informes que constan no expediente.

A Sra. Rodríguez Ordóñez desculpa, en primeiro lugar, a ausencia do Sr. Soto Pérez por motivos persoais. Bota en falta un informe técnico municipal. Non vai entrar a valorar os informes pero considera que se pode subsanar pero non hai vontade. Vanse abster e cre que se deberían devolver os cartos a esa familia.

O Sr. Amado Sambade considera que se lle creou un problema a esa familia e vanse abster.

O concelleiro non adscrito, Sr. Rodríguez Blanco, di que o goberno segue co capricho contra esta familia. Afirmar que se hai algún problema nese estudo de detalle foi creado por este goberno, pois os promotores actuaron segundo os mandatos do goberno municipal. Acusa á concelleira Ramos Rey de dicir que mentras ela fose concelleira non se ía facer esa casa en Baíñas. Pregunta ao alcalde se lle van devolver os cartos aos promotores, pois de ser así non tería problema en votar a favor da revisión de oficio. Lembra que o alcalde díxolle á promotora do estudo de detalle “empezaches mal e vas acabar peor”. Quere que a secretaria responda se o concello lles vai devolver os cartos gastados.

O alcalde agradece que houbera unhas corenta persoas na casa de cultura de Baíñas cando se celebrou esa reunión e saben perfectamente que é mentira que el dixera eso. Explica que se o goberno vai dar un trato privilexiado a unha persoa haberá que explicarllo a todo o mundo. Afirmar que todo o mundo sabe que o alcalde non amenza nin a concelleira anda polas tabernas dicindo barbaridades. Explica que os promotores asesoráronse cun arquitecto externo, ou eso quere pensar, e ese arquitecto nunca se reuniu co goberno, sendo daquela concelleiro de obras o Sr. Rodríguez Blanco. A única vez que se reuniu o alcalde con esa familia foi despois do requirimento da Xunta, pois viñeron preguntarlle se ía atender o requirimento de anulación. Despois levouse a pleno a proposta de atender o requirimento e o Sr. Rodríguez Blanco e os seus amigos impediron que o pleno se pronunciara. A obriga do pleno é facer caso aos informes, que antes foran favorables e agora non. Ao respecto dos informes técnicos municipais, a Sra. Rodríguez Ordóñez sabe que hai informe favorable do arquitecto municipal. O procedemento está garantido polo Consello Consultivo, que é quen ten a última palabra na revisión de oficio. Cre que deben recoñecer a responsabilidade do concello de Vimianzo, e primeiro hai que revisar o acordo e despois falarase de responsabilidade. Non lle consta que dende o concello se asesorase a esa xente. Afirmar que capricho é o que se facía antes coa xente e lembra, como exemplo, que o Grumir, co tío da Sra. Rodríguez Ordóñez de xefe, sempre deixaba sen limpar o arró de diante da súa casa. O alcalde imputa o erro non á Corporación, senón aos funcionarios que informaron favorablemente o expediente. Sinala que o arquitecto municipal informou que a nave de Manuel



Concello de Vimianzo

Rodríguez Lema estaba en solo de núcleo rural e na realidade está en solo rústico, e a licenza de actividade foi anulada co ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia. Menciona tamén a orde de demolición dunha casa no Outeiro e un restaurante en Baíñas, como exemplos dos problemas herdados do goberno anterior.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por catro votos a favor do BNG, sete abstención do PSOE, IxV, PP e concelleiros non adscritos e ningún voto en contra, acorda:

Primeiro.- Formular a seguinte proposta de resolución do expediente de revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012: ***“Declarar a nulidade de pleno dereito do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, ao abeiro do disposto no artigo 62.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, polos motivos expostos no requirimento de anulación ditado pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 16 de outubro de 2012, no informe emitido polo arquitecto-xefe do Servizo de Asistencia Técnica Urbanística o 31 de marzo de 2014 e no informe emitido pola Secretaría municipal o 6 de novembro de 2014; documentos que serven de motivación ao presente acordo, aos efectos do disposto no artigo 54 da LRX-PAC.”***

Segundo.- Remitir ao Consello Consultivo de Galicia o expediente relativo á revisión de oficio do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno o 26 de maio de 2012, a efectos da emisión do ditame previsto no artigo 102 da LRX-PAC.

Terceiro.- Suspender, no momento da remisión do expediente ao órgano previsto no párrafo precedente o prazo máximo legal para resolver o presente procedemento nos termos previstos no artigo 42.5.c) da LRX-PAC.

Cuarto.- Notificar a presente resolución aos interesados.

3. Participación do Concello de Vimianzo na Costa da Morte Asociación de Turismo (CMAT).

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta da proposta da Alcaldía, de data 26 de decembro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, celebrada o 30 de decembro de 2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: CMAT (COSTA DA MORTE ASOCIACION DE TURISMO)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai varios anos distintos axentes sociais e concellos da Costa da Morte veñen traballando a prol de constituír un instrumento de xestión turística conxunta do territorio, baixo un planteamento de prevalencia dos criterios técnicos e profesionais. Nesta idea concurría a Deputación da Coruña, buscándose tamén a participación da Xunta de Galicia.

Logo de diversas reunións ao longo do tempo, a asociación profesional APTCM, en colaboración coa Deputación elaborou unha proposta de Estatutos dunha asociación, na que participaría o

sector privado e os concellos. Xunto a este documento elaboraron unha proposta de participación económica dos posibles socios, para capitalizar esta entidade. Tanto a Deputación, como a Xunta de Galicia parece ser que declinan participar directamente como socios da entidade, segundo a información transmitida polos responsables de APTCM a esta Alcaldía.

O situación do sector turístico da Costa da Morte, así como a xestión do ámbito do Xeodestino creado pola Xunta para o noso territorio, fan necesario que se aborde o impulso a unha entidade xestora como a que nos estamos a referir.

Recentemente os representantes da asociación profesional APTCM reuníronse coa Alcaldía para buscar o noso apoio a estas iniciativas.

Por todo isto, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

1. Manifestar o apoio e adhesión á creación dunha entidade xestora do turismo e do Xeodestino costa da Morte, coa participación do sector profesional e as institucións públicas, ao través da asociación CMAT (COSTA DA MORTE ASOCIACION DE TURISMO).
2. Delegar na Alcaldía as xestións necesarias relacionadas coa creación da asociación CMAT (COSTA DA MORTE ASOCIACION DE TURISMO)."

O alcalde explica que esta é unha vella reivindicación da Costa da Morte: a de xestionar o turismo coa participación do sector privado e do sector público. A Xunta creou os xeodestinos hai un par de anos, e recentemente reuníronse o alcalde e a asociación APTCM para buscar o apoio do concello de Vimianzo. Aclara que non se propón acordar a adhesión agora. Lembra que hai un ano houbo unha reunión nas Torres do Allo na que se presentaron os estatutos, pero agora a Deputación non vai participar directamente, senón a través de convenios. Cónstalle que en xaneiro haberá unha reunión entre alcaldes e sector privado para abordar este tema.

O Sr. Miñones Riveiro di que lle parece ben a idea e dado que o acordo é meramente declarativo, pide que despois desa reunión o alcalde informe á Corporación de como van os trámites.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que non lles parece mal a opción pero gustaríalles ter máis información. Van votar a favor.

O Sr. Amado Sambade di que lle parece unha cousa ben feita e van apoiar.

O Sr. Rodríguez Blanco di que van apoiar e piden información despois.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo.

4. Proposta sobre a Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 15 de decembro de 2014, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta da proposta da Alcaldía, de data 26 de decembro de 2014, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, celebrada o 30 de decembro de 2014:



Concello de Vimianzo

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN S DE ADHESIÓN A SOGAMA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a “Resolución de 15 de decembro de 2014 (DOG nº 243, de 19/XII/2014), pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos”.

A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos de Galicia, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orzamentaria sen negociación previa. Para alén disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.

O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, vén a profundizar no talante autoritario amosado polo Goberno galego neste conflito, ao impor agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as “novas” condicións cos concellos afectados.

Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordo coas entidades locais. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.

As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia Resolución recoñece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locais. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o establecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.

Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galicia que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condicións realízanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria “expres” sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locais. Ademais, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerábel nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dese xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademais, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterais, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.

En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.

Consideramos que a Xunta debera estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideren xurdir.

Por todo isto, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Interpór recurso contencioso-administrativo contra a “Resolución da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro de 2014, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos” solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.**
- 2. Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.”**

O alcalde que explica que agora os concellos só teñen a opción de entregarlle os residuos a Sogama. O ano pasado a través da Lei de orzamentos de 2014 subiuse un 34% o canon a pagar polos concellos a Sogama. En ningún momento esta disposición se tratou no seo da FEGAMP. Explica que esta suba do canon non se repercutiu no recibo do lixo dos veciños de Vimianzo. Indica que houbo reunións dos alcaldes e decidiuse non asumir esa imposición, pois variaban as condicións acordadas entre Sogama e cada concello. No caso de Vimianzo, o convenio asinado prevé a suba anual do IPC. Sinala que houbo concellos que acordaron non pagar nada, e outros como Vimianzo acordaron pagar a suba que correspondería co incremento do IPC.

Considera o alcalde que o marco xurídico non debía ser o axeitado cando agora deciden cambialo. Esta resolución prevé que se un concello non paga se detraia a cantidade impagada dos recursos do Fondo de Cooperación Local, polo tanto a Xunta pretende interferir na xestión dos recursos que por lei lles corresponden aos concellos. Parécelle un auténtico abuso, que se mete de cheo contra a autonomía local.

O Sr. Miñones Riveiro considera que a suba do canon é totalmente abusiva, e van apoiar a interposición do recurso.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que non lles gusta este comportamento de Sogama pero non considera que interpoñer un recurso sexa a solución, polo tanto vanse abster.

O Sr. Amado Sambade di que o seu grupo vai votar en contra.

O concelleiro non adscrito considera unha “animalada” a suba do canon e vanse abster ata que o alcalde poda sacar este asunto adiante.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por cinco votos a favor do BNG e PSOE, catro abstencións de IxV e concelleiros non adscritos, e dous votos en contra do PP, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo.

Acto seguido, o Sr. Amado Sambade e o Sr. Silva Jallas érguense dos seus asentos, manifestando o Sr. Amado que van abandonar a sesión porque o Sr. Alcalde vulnera os dereitos do seu grupo e chámalle “sinvergónza”.



Concello de Vimianzo

O Sr. Alcalde indícalle que non estamos no punto de rogos e preguntas.

O Sr. Amado Sambade volve a tachalo de "sinvergónza". El e o seu compañeiro de grupo abandonan a sala de sesións.

O Sr. Alcalde acúsao que ser el un dos que obstaculizou a toma de posesión do concelleiro do BNG, o Sr. Trillo Lema, asunto que despois explicará.

5. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia en materia de competencia plenaria:

- Anuncio de aprobación inicial da ordenanza reguladora da limpeza viaria, ornato público e protección do patrimonio municipal do Concello de Vimianzo, no BOP nº 236 do 10 de decembro de 2014. O citado expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2014.

- Anuncio de aprobación definitiva dos expedientes de crédito extraordinario CE/01/2014 e suplemento de crédito SC/01/2014, no BOP nº 238 do 12 de decembro de 2014. Os citados expedientes foron aprobados inicialmente polo Pleno na sesión extraordinaria do 14 de novembro de 2014.

 O Pleno da Corporación dase por enterado.

6. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 29 de novembro de 2014, isto é, dende a resolución núm. 1567, do 26/11/2014 ata a resolución núm. 1716, do 30/12/2014.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

7. Mocións.

Non hai mocións.

8. Rogos e preguntas.

8.1. PSdeG-PSOE

O Sr. Miñones Riveiro sinala que estes días na prensa publicouse a noticia da creación dunha oficina de fomento do cooperativismo, e pregunta se pode explicar este tema.

En segundo lugar, pregunta se xa se puxo en funcionamento no miniparque eólico.

O alcalde responde que, efectivamente, solicitaron unha subvención conxuntamente con outros concellos, sendo o responsable de tramitala Mazaricos, para poñer en funcionamento unha oficina de fomento de cooperativismo.

Ao respecto do miniparque eólico, sinala que se trata dunha subvención da Consellería de Industria, que a instalación está lista pero están tramitando os permisos para poñela a funcionar e abastecer o alumado do parque empresarial.

8.2. IxV

A concelleira de IxV en primeiro lugar protesta polo cambio de data do pleno, que debía ser o último sábado do mes de decembro. Aclara que eles non terían inconveniente en aceptar o cambio, pero o mínimo é que o alcalde o comunique con antelación. Formúla esta petición como rogo.

En segundo lugar, a Sra. Rodríguez Ordóñez formula un segundo rogo: xa está cansa dos comentarios do alcalde sobre a súa familia, cando ela sempre respetou á familia do alcalde. Pide que deixe de criticar a Alejandro e Ramón Rodríguez Lema, pois cada un vive e come na súa casa, e que se ten que criticar a alguén, que critique á concelleira Mónica Rodríguez. Pide respecto para as vidas persoais e as familias dos concelleiros. Sobre algunha crítica, di que xa o xuíz dirá, e denuncia que público afín a IxV tivo que deixar de vir aos plenos polo comportamento dos afíns ao alcalde.

En terceiro lugar, dado que a oposición non ten adicación exclusiva, como sí ten o alcalde, e polo tanto cando soliciten ver expedientes pide que se poñan horarios compatibles co traballo.

Formula as seguintes preguntas:

1ª. Gustaríalle saber que pasa co tema das luminarias, pois no pleno anterior non lle quedou clara a resposta do alcalde. Afirma que foi o nadal con máis penumbra dos últimos tempos en Vimianzo. Quere saber como se vai arranxar este tema.

2ª. Pregunta que pasa coas licenzas neste concello, porque os profesionais protestan pola demora.

3ª. Pregunta que pasa co expediente do camiño de Reboredo, pregunta porque non se levou a ningunha comisión.

O alcalde responde:

1º. Respecto ao cambio de data do pleno, di que a concelleira sabe perfectamente polas convocatorias das comisións que non se ía celebrar o sábado 27 de decembro, non obstante acepta a crítica, e considera moi indicativo que as críticas da oposición sexan esas.

2º. Respecto á afirmación da concelleira de que se estrenou en política neste mandato, ben sabe que ela determinou o resultado de moitos expedientes, aínda non sendo concelleira, cando seu tío era alcalde. Nega o alcalde que se adique a insultar á familia Rodríguez Lema, pero seu tío Alejandro foi alcalde e Ramón xefe de protección civil. Non pode negar que xente da súa familia estivo condicionando a vida política, económica e social de Vimianzo durante moitos anos. Cita a sentenza da casa de cultura e a querela de Manuel Rodríguez Lema contra o alcalde por non pagarlle a débeda do goberno anterior. Considera o alcalde que o que non pode facer el é manipular a historia, e visto que a concelleira acaba de acusalo, el ten dereito de réplica e estao exercendo.

3º. Non pode acusalo a concelleira de non deixarlle ver os expedientes, pero o que sí fai é organizar o acceso, pois lóxicamente a Sra. Rodríguez Ordóñez non pode vir cando lle pete. Se pide ver cinco mil facturas, obviamente se reparte en varios días esa documentación. O que non



Concello de Vimianzo

pode facer ela é chamar quince minutos antes da hora prevista, dicir que non pode vir e que se lle deixe ver ao día seguinte. Incluso se quere pode ver expedientes do anterior goberno para ilustrarse.

4º. O tema das luminarias xa o comentou en sesións anteriores e lembra que se levou a pleno un expediente de modificación de crédito para completar a reposición de luminarias. Sinala que o aforro é tremendo (dun 75%) e que a empresa que veu colocalas quedou sorprendida de que non houbera luminarias na outra marxe en rúas anchas, por eso hai que compensar e repoiar desta maneira. O alumeadado de nadal empregado este ano foi o herdado do anterior goberno, que este goberno aumentou hai dous anos, pois considera que a cidadanía non entendería ese despilfarro neste momento, por eso decidiron manter e mellorar o sistema anterior.

5º. Ao respecto das licenzas, o alcalde lembra que se tramitou un expediente disciplinario contra o arquitecto municipal, que actualmente está cumprindo a sanción imposta, e nestes momentos hai unha única persoa no departamento de urbanismo que está asumindo unha grande carga de traballo. Non lle consta que nestes momentos haxa retraso na revisión das comunicacións previas e para as obras maiores o prazo para resolver son tres meses. Non obstante, sabe que os cidadáns que presentan a solicitude xa queren que se resolva ao día seguinte, o cal é comprensible. Tamén hai confusión ao respecto do procedemento, pois o cidadán pensa que cando vai encargar o proxecto a un técnico xa se presenta inmediatamente no concello, e non é así. Sinala que se nun caso concreto hai algún retraso, reforzarse o servizo para darlle resposta, e incluso en casos de urxencia por estar pendentes de subvencións se trata de resolver rapidamente.

6º. Sinala que os expedientes de investigación estiveron en trámite de exposición pública e os interesados puideron presentar alegacións e cando estean os informes traeráanse a pleno para adoptar o acordo pertinente.

8.3. Concelleiros non adscritos

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta pola apertura do centro de día no xeriátrico, e anuncia a solicitude dun pleno extraordinario, posto que non se cumpriron os termos da cesión. Considera que Geriatros estase rindo do concello.

En segundo lugar, pide que o alcalde non minta, pois os promotores do estudo de detalle non tramitaron nada co asesoramento dun técnico externo, senón co asesoramento do concello. Repite que os informes eran favorables. Formúlao como rogo.

Formula as seguintes preguntas:

1ª. Reitera a pregunta sobre o saneamento de Manlle, Santa Comba e Urroa, pois o alcalde non respondeu nas sesións anteriores.

2ª. Pregunta se existe dispoñibilidade de terreos no saneamento no Outeiro e cando se van facer os enganches.

3ª. Afirmo que Sergio Lema Romero en setembro solicitou que lle colocaran tres soportes para colocar contenedores, e non se lle contestou. Afirmo tamén que o coche do Grumir pasou hai pouco cuns tubos a Camariñas, entre risas, e acusa ao alcalde de multiplicar por dous o que facía Alejandro.

O alcalde responde:

1º. Afirmo que os do Grumir non van colocar tubos a ninguén, ao contrario do que acontecía antes - lembra que os traballadores do Grumir estiveron facéndolle unha obra ao xefe na súa casa, en teoría fora do seu horario laboral - e agora o que se fai é facer as entradas, posto que as cunetas son un espazo público, o que obriga ao concello a mantelas en boas condicións e a xente ten dereito, non é un favor que se fai.

A Sra. Rodríguez Ordóñez acusa ao alcalde de ser un auténtico actor, e dille que debería estar en Hollywood.

O Sr. Mancebo Amigo recrimínalle que teña tanta cara despois de estar toda a vida chupando do concello.

2º. O alcalde responde ao Sr. Rodríguez Blanco que ninguén ten dereito a que se lle poñan uns enganches para colocar contenedores, pois os contenedores deben situarse nun espazo público e o concello debe detectar as necesidades. Nese caso concreto, pediuse informe aos traballadores do servizo de recollida do lixo e o informe conclúe que non é necesario. Considera que o concello non debe ceder diante dos caprichos de ninguén, por moito que se achegue o período electoral.

3º. Ao respecto do saneamento en Manlle, o alcalde remítese ao contestado en sesións anteriores, e considera que case vai ter que poñer ese asunto como punto na orde do día, dadas as reiteradas preguntas do concelleiro non adscrito. O que sí lle adianta é que non van facer coma o anterior goberno: poñer enganches sen dar de alta o subministro eléctrico. Dille que están facendo os contratos para os subministros no saneamento do Outeiro.

4º. Ao respecto do centro de día, agradece a pregunta porque recentemente asinou un convenio de colaboración con Geriatros para poñer en funcionamento o centro de día. Falará coa secretaria para poñelo na orde do día do pleno do 31 de xaneiro de 2015.

Rematado o turno de preguntas da oposición, o Sr. Mancebo Amigo fai referencia á sentenza sobre a toma de posesión de José Trillo Lema, así como á actitude de "Zipi e Zape" coa súa espantada, e pregúntalle ao alcalde cal foi a actitude da Alcaldía respecto da substitución dos concelleiros do PP nesta lexislatura.

O alcalde responde que se fixo coa máxima dilixencia, posto que a persoa chamada a substituír ao Sr. Pérez Trillo, por ser o seguinte na lista, renunciou a tomar posesión despois do pleno de outubro (no que se tomara coñecemento da renuncia). A secretaria chamou á Xunta Electoral Central para que lle indicaran como proceder, e dixéronlle que non era necesario levar novamente ao pleno a renuncia do Sr. Graíño Martínez. Seguíronse os trámites indicados pola Xunta Electoral, e expediron a credencial de D.ª Manuela Rodríguez Diéguez. O mesmo día que chegou a credencial, esa persoa presentou a súa renuncia a tomar posesión, e o día seguinte o Sr. Amado presentou un escrito pedindo que o pleno tomara coñecemento das renunciacións do Sr. Graíño Martínez e a Sra. Rodríguez Diéguez e nomeara ao seguinte na lista, neste caso a Sra. Dulzura Quintáns. E eso foi o que fixo o alcalde: incluír ese punto na orde do día do pleno celebrado o 29 de novembro de 2014. Posteriormente preparouse o expediente e remitiuse. Sinala que en decembro houbo varios días inhábiles e descoñece porque a Xunta Electoral aínda non remitiu a credencial.

Explicado este asunto, o alcalde le un fragmento da sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de A Coruña, sobre a toma de posesión de D. José Trillo Lema, que se transcribe literalmente:

"(...)y en el caso que nos ocupa nos encontramos justamente con ese escenario esto es una actitud obstruccionista pero de los demandantes en orden a evitar la toma de posesión del Sr. Trillo Lema, impugnado incluso las renunciaciones y el acuerdo de la JEC otorgando la credencial en un afán claramente dilatorio que alcanza su mayor expresión cuando los demandantes no comparecen al pleno convocado el 23 de septiembre porque a su juicio no concurrían la urgencia que habilita la convocatoria de plenos extraordinarios, pero concurren a un pleno inexistente el día 25 de septiembre contraviniendo su actuación anterior pues no se comprende por este juzgado cual sería la urgencia el 25 de septiembre que no existía el día 23 de septiembre, y no concurren al pleno del 26 de septiembre, lo que evidencia todo ello un único propósito, impedir la toma de




Concello de Vimianzo

posesión de quien era concejal electo y ostentaba en toda su plenitud el derecho a tomar posesión del cargo, toma de posesión que integra el contenido esencial, nuclear y primero de los derechos de participación y representación, dirigiéndose las acciones de la Alcaldía de Vimianzo justamente a garantizar esos derechos removiendo todos los obstáculos a esa toma de posesión."

Afirma que está bastante claro quen obstaculiza as tomas de posesión e quen non.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e corenta e catro minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o tres de xaneiro de dous mil quince.


O ALCALDE



A SECRETARIA



ANEXU I




Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto	Fecha Firma
1567/2014	2014/G003/001349	NOMINA DO MES DE NOVEMBRO 2014	26/11/2014
1568/2014	2014/G003/001347	PAGO FRACCIONADO DE XUROS DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 254/2008 POR SENTENZA DA CASA DE CULTURA	26/11/2014
1569/2014	2014/G003/001350	INCLUSIÓN NO SAF MODALIDADE DEPENDENCIA DE MANUEL RIAL PRECEDO	26/11/2014
1570/2014	2014/G003/001351	ALTA NO SERVIZO COMPLEMENTARIO DE COMEDOR NA EIM DE MARTA PÉREZ GESTO	26/11/2014
1571/2014	2014/G003/001341	SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO PARA GARANTIR A EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL.	27/11/2014
1572/2014	2014/G003/001353	SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO PARA GARANTIR A EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO PARA TAREFAS RELACIONADAS COA CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E RESTAURACIÓN DO MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE VIMIANZO.	27/11/2014
1573/2014	2014/G003/001354	CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A LICITACIÓN DE SERVIZO DE XESTIÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL E DO CAMPO DE FÚTBOL DO CONCELLO DE VIMIANZO.	27/11/2014
1574/2014	2014/G003/001355	DESIGNACIÓN E CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA TRES CONTRATOS DE SERVIZOS E DESIGNACIÓN DO COMITÉ DE EXPERTOS.	27/11/2014
1575/2014	2014/G003/001356	BAIXAS DE SALDOS INCOHERENTES EN CONCEPTOS NON ORZAMENTARIOS 31101 E 20591	27/11/2014
1576/2014	2014/G003/001357	APROBACION XUSTIFICACIÓN DE AXUDA NOMINATIVA CONCEDIDA PARA AS FESTAS DE VERAN 2014	27/11/2014
1577/2014	2014/G003/001352	BAIXA VOLUNTARIA NO SERVIZO DA EIM DE EDGAR RODRÍGUEZ SILVA	28/11/2014
1578/2014	2014/G003/001358	SOLIC ALTA POR NACEMENTO NO PMH DE HUGO CASTRO PEREZ EN PADREIRO DE ABAIXO, 12	28/11/2014
1579/2014	2014/G003/001360	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2015	28/11/2014
1580/2014	2014/G003/001361	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO DURANTE O ANO 2015	28/11/2014
1581/2014	2014/G003/001362	RECTIFICACIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.1574, DE DATA 27/11/2014	28/11/2014
1582/2014	2014/G003/001363	RECTIFICACIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.1573, DE DATA 27/11/2014	28/11/2014



1583/2014	2014/G003/001364	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2015	01/12/2014
1584/2014	2014/G003/001359	INCREMENTO DE HORAS SAF NO MODALIDADE DE DEPENDENCIA DE JOSE ROJO FERNANDEZ	01/12/2014
1585/2014	2014/G003/001365	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DO AUDITORIO DA CASA DA CULTURA PROMOVIDO POR UNIONS AGRARIAS - UPA	01/12/2014
1586/2014	2014/G003/001366	SOLIC ALTA NO PMH DE SILVIA COSTA BLANCO EN BAIÑAS A, 50	01/12/2014
1587/2014	2014/G003/001369	SOLIC BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE JOSE LUIS CAAMAÑO DOMINGUEZ	01/12/2014
1588/2014	2014/G003/001372	ORDENACION DE PAGO POR DEVOLUCION GARANTIA EN METALICO	01/12/2014
1589/2014	2014/G003/001373	REVOCACIÓN DA RESOLUCIÓN NÚM. 579/2014, DE DATA 29/05/2014 E APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 2 CORREXIDA E DA LIQUIDACIÓN DA OBRA "ACTUACIÓNS NO PATRIMONIO MUNICIPAL EN TINES E SERRAMO", POS 2013	01/12/2014
1590/2014	2014/G003/001370	SOLIC BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE ENRIQUE FERNANDEZ REGUEIRO	01/12/2014
1591/2014	2014/G003/001371	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE JOSE LUIS NOVO IGLESIAS	01/12/2014
1592/2014	2014/G003/001374	CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE LAVANDERÍA SOBRE RODAS PARA O TITULAR DO SERVIZO DE COMEDOR SOBRE RODAS, RAÚL VICTOR CASTIÑEIRA GARCÍA. 32310994L.	02/12/2014
1593/2014	2014/G003/001375	LIQUIDACIÓN A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA POLAS FACTURAS PRESENTADAS DE MARZO A AGOSTO DE 2014, SEGUNDO O PREZO FIXADO NO CONTRATO ADMINISTRATIVO ASINADO O 20/12/2007	02/12/2014
1594/2014	2014/G003/001376	RECOÑECEMENTO E ORDENACION DO PAGO DA FACTURA Nº 000800 DA CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA "MELLORA DE VIAL DÉ ACCESO AO LUGAR DA GÁNDARA"	02/12/2014
1595/2014	2014/G003/001368	SOLICITUDE DE BAIXA DA LIQUIDACIÓN DO SUMIDOIRO DUNHA VIVENDA PROMOVIDO POR D. OSCAR SUÁREZ PAZOS	02/12/2014
1596/2014	2014/G003/001377	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR MARIA TERESA FUENTES ALVARELLOS	02/12/2014
1597/2014	2014/G003/001378	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL DE RAQUEL ALVAREZ RODRIGUEZ	02/12/2014
1598/2014	2014/G003/001379	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL DE MAXIMINO MANUEL AGUIAR BAÑA	02/12/2014
1599/2014	2014/G003/001380	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL DE FABIAN SANTOS POSE	02/12/2014



1600/2014	2014/G003/001367	APROBACION DE GASTO POR COTIZACIONES DE MUFACE E COTA DE CLASES PASIVAS DO MES DE NOVEMBRO/2014 DO ALCALDE DON MANUEL ANTELO PAZOS	03/12/2014
1601/2014	2014/G003/001381	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MÁQUINA ELEVADORA (TIPO XIRAFÁ) NA AVENIDA DA GÁNDARA, VIMIANZO, REALIZADA POR D. JOSÉ MANUEL REY SÁNCHEZ	03/12/2014
1602/2014	2014/G003/001382	OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MÁQUINA ELEVADORA (TIPO XIRAFÁ) NA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO,9, VIMIANZO, PARROQUIA DE VIMIANZO REALIZADA POR COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ÁLVARO CUNQUEIRO,9	03/12/2014
1603/2014	2014/G003/001383	ADXUDICACIÓN DA OBRA NOMEADA "ROTEIRO TURÍSTICO PARA A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO, CULTURAL E NATURAL DO VAL DE VIMIANZO".	03/12/2014
1604/2014	2014/G003/001385	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAS DURANTE O ANO 2015	03/12/2014
1605/2014	2014/G003/001386	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE ANIMADOR CULTURAL DURANTE O ANO 2015	03/12/2014
1606/2014	2014/G003/001384	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DAS CASAS NOVAS,9 PARROQUIA DE SERRAMO PROMIVIDO POR JESÚS ANDRÉS LEMA MOURELLE	03/12/2014
1607/2014	2014/G003/001388	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO PARA AS PERSOAS MAIORES NO ANO 2015	03/12/2014
1608/2014	2014/G003/001389	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE POLITICAS DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2015	03/12/2014
1609/2014	2014/G003/001390	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2015	03/12/2014
1610/2014	2014/G003/001391	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BRAÑO, 75, PARROQUIA DE CARANTOÑA, PROMOVIDO POR MANUEL CONSTANTINO MOREIRA LEIS	03/12/2014
1611/2014	2014/G003/001392	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BRAÑO, 75, PARROQUIA DE CARANTOÑA, PROMOVIDA POR MANUEL CONSTANTINO MOREIRA LEIS	03/12/2014
1612/2014	2014/G003/001393	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS NO ANO 2015	03/12/2014
1613/2014	2014/G003/001394	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DA SALA DE CONFERENCIAS DA CASA DA CULTURA DE VIMIANZO, PROMOVIDO POR FIDEL ROGET BARRIENTOS PRESIDENTE DE ASEMVI	03/12/2014
1614/2014	2014/G003/001387	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DAS CASAS NOVAS, 9, SERRAMO, PROMOVIDO POR JESÚS ANDRÉS LEMA MOURELLE.	04/12/2014
1615/2014	2014/G003/001395	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O ANO 2015	04/12/2014
1616/2014	2014/G003/001396	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE DURANTE O ANO 2015	04/12/2014



1617/2014	2014/G003/001397	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2015	04/12/2014
1618/2014	2014/G003/001398	CMNC CAMBIO DE DATOS PERSOAIS DE RODRIGO ESPASANDIN MOURELLE, NO SUCESIVO CAMBIA A: MOURELLE CARBALLO	04/12/2014
1619/2014	2014/G003/001400	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DURANTE O ANO 2015	04/12/2014
1620/2014	2014/G003/001401	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DURANTE O ANO 2015	04/12/2014
1621/2014	2014/G003/001402	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS CULTURAIS DURANTE O ANO 2015	04/12/2014
1622/2014	2014/G003/001399	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2015	04/12/2014
1623/2014	2014/G003/001403	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS DURANTE O ANO 2015	04/12/2014
1624/2014	2014/G003/001404	PAGO DE ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO XURADO PARA RESOLVER O CONCURSO DE IDEAS DA PISCINA MUNICIPAL DE VIMIANZO	05/12/2014
1625/2014	2014/G003/001405	SOLIC ALTA NO PMH NESTOR IGLESIAS CAMAFREITA, MARIA LUZ GORDIDO BELLO E SARAY IGLESIAS GORDIDO NO LUGAR DA ESQUIPA, 33, CEREIXO	05/12/2014
1626/2014	2014/G003/001406	ALTA NO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE ADRIÁN GONZÁLEZ MAROÑO	05/12/2014
1627/2014	2014/G003/001407	BAIXAS DE OFICIO NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES	05/12/2014
1628/2014	2014/G003/001408	INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO DII (P2842)	05/12/2014
1629/2014	2014/G003/001409	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DA ESQUIPA 33, CEREIXO, PROMOVIDO POR D. OSCAR SUÁREZ PAZOS	05/12/2014
1630/2014	2014/G003/001410	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DA ESQUIPA,33, PARROQUIA DE CEREIXO, PROMOVIDO POR D. OSCAR SÚAREZ PAZOS	05/12/2014
1631/2014	2014/G003/001411	SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRON DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO DA VIVENDA SITUADA NO LUGAR DE CHEIS,8, PARROQUIA DE BAMIRO, PROMOVIDO POR D. MANUEL MIRA SUÁREZ	05/12/2014
1632/2014	2014/G003/001413	RECOÑECIMENTO E ORDENACION DO PAGO DA FACTURA NUM. 39/2014 DA CERTIFICACIÓN NUM. 1 DA OBRA MELLORAS NO ENTORNO DO CEMITERIO VECIÑAL DE CARNES	05/12/2014
1633/2014	2014/G003/001414	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO AUDITORIO DA CASA DA CULTURA PROMOVIDO POR D. ANTONIO MANUEL AMBOADE VÁZQUEZ EN REPRESENTACIÓN DA AD SG COSTA DA MORTE.	05/12/2014




1634/2014	2014/G003/001415	RECOÑECEMENTO E ORDENACION DO PAGO DA FACTURA NUM. 009 DA CERTIFICACION NUM. 009 DA OBRA MELLORAS NO ENTORNO DO LAVADOIRO DA TORRE	05/12/2014
1635/2014	2014/G003/001412	ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE SOLICITUDE PARA DAR DE BAIXA NO PADRON DO LIXO A VIVENDA SITUADA NO LUGAR DE MOUZO, 39, CARNES	09/12/2014
1636/2014	2014/G003/001416	XERACION DE CREDITOS NUM. XC/07/2014	09/12/2014
1637/2014	2014/G003/001417	SOLIC ALTA NO PMH DE JONATAN IGLESIAS GORDIDO PARA O LUGAR DA ESQUIPA, 33, CEREIXO	10/12/2014
1638/2014	2014/G003/001418	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE PASARELA, 22A, PARROQUIA DE CALO, PROMOVIDO POR D.ª FRANCISCA RUIZ PEREA	11/12/2014
1639/2014	2014/G003/001419	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE LEXAS, 4B, PARROQUIA DE CARANTOÑA PROMOVIDO POR JOSÉ MANUEL MIÑONES MOUZO	11/12/2014
1640/2014	2014/G003/001420	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE CONSTANTINO HERMIDA FIDALGO, M CARMEN HERMIDA MARTINEZ, J MARIA PARDIÑAS POSE, MARIA E IRIA PARDIÑAS HERMIDA PARA AREOSA, 17-TREOS	11/12/2014
1641/2014	2014/G003/001421	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE MARIA ESTRELLA LOPEZ TRILLO EN PADREIRO DE ARRIBA, 11-BAIÑAS	11/12/2014
1642/2014	2014/G003/001422	SOLIC ALTA NO PMH JOSE MARIA POSE LEMA PARA CASAS NOVAS, 4, SERRAMO	11/12/2014
1643/2014	2014/G003/001423	REQUIRIMENTO PARA QUE SE ADOPTEN AS MEDIDAS NECESARIAS PARA MANTER EN CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO O BAIXO DESOCUPADO DO EDIFICIO, SITUADO NA RÚA BLANCO RAJOY, 11-13, VIMIANZO	11/12/2014
1644/2014	2014/G003/001424	SOLIC ALTA NO PMH LEONARDO CALVO ARIAS PARA O LUGAR DE OGAS, 8C, CAMBEDA	11/12/2014
1645/2014	2014/G003/001425	INFORME ONDE SE FAGA CONSTAR QUE A VIVENDA SITUADA NO LUGAR DE TRAS DO CEÁN, 10, PARROQUIA DE CARANTOÑA, NON SE ATOPA INCURSA EN EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA, ASÍ COMO QUE NON INCUMPRE NINGUNHA NORMA URBANÍSTICA, PROMOVIDO POR D.ª MARÍA ELISA ROMERO LEMA	11/12/2014
1646/2014	2014/G003/001426	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DA SALA DE CONFERENCIAS DA CASA DA CULTURA O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2014 POR D. JORGE JURJO AGULLEIRO	11/12/2014
1647/2014	2014/G003/001427	APROBACION DE RELACION DE FACTURAS F/2014/13 E XUSTIFICANTES DE PAGO, RECOÑECEMENTO E ORDEACION DO PAGO	11/12/2014
1648/2014	2014/G003/001428	NOMINAS FINIQUITO PERSOAL CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS 2014	11/12/2014
1649/2014	2014/G003/001429	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE TUFÍONS, 31, PARROQUIA DE CEREIXO POR MANUEL LEMA VIEITES	11/12/2014
1650/2014	2014/G003/001430	BAIXA NO CENTRO DE DIA MUNICIPAL DA SEÑORA MARIA DULZURA FERNANDEZ SUAREZ CON DNI 76316543J	12/12/2014




1651/2014	2014/G003/001431	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE XESTION DE RESIDUOS E DO TRABALLO DA OBRA "ROTEIRO TURÍSTICO PARA A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ETNOGRÁFICO, CULTURAL E NATURAL DO VAL DE VIMIANZO".	12/12/2014
1652/2014	2014/G003/001432	BAIXAS DE CAMBIO DE MUNICIPIO DO FICHEIRO H15092IA.B14	15/12/2014
1653/2014	2014/G003/001433	ORDENACION DE REINTEGRO DA PARTE DAS AXUDAS NON GASTADAS TR351A 2009/33-1 E TR351B 2009/55-1	15/12/2014
1654/2014	2014/G003/001434	MODIFICACION EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 135 DO FICHEIRO H15092IA.B14	15/12/2014
1655/2014	2014/G003/001435	MODIFICACION EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 140 DO FICHEIRO H15092IA.B14	15/12/2014
1656/2014	2014/G003/001436	APROBACION DOS PADRONS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NOVEMBRO 2014	15/12/2014
1657/2014	2014/G003/001437	SOLIC ALTA NO PMH SOFIA VARONA REY PARA O LUGAR DE BRIBES, 4, VIMIANZO	15/12/2014
1658/2014	2014/G003/001438	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 1145 DO POLÍGONO 51, NOMEADA "PIOSA", PROMOVIDA POR D. JOSÉ SANTIAGO VÁZQUEZ ANTELO	15/12/2014
1659/2014	2014/G003/001439	RECOÑECEMENTO DE FACTURAS E CERTIFICACIÓNS DAS OBRAS DE "REDE DE SANEAMENTO NO OUTEIRO BAIÑAS" E "REHABILITACION DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN FLUVIAL: AULA DA AGUA". FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2014, LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA	15/12/2014
1660/2014	2014/G003/001440	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DAS FINCAS NÚM. 143-1 E 144-2 DO POLÍGONO 14, NOMEADAS "PEDRA DA HEDRA", PROMOVIDA POR D. JOSÉ LAVANDEIRA PÉREZ	16/12/2014
1661/2014	2014/G003/001441	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 1193 (RECINTO 1) DO POLÍGONO 6, PROMOVIDA POR D. JOSÉ MANUEL ANDRADE MIÑONES	16/12/2014
1662/2014	2014/G003/001442	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 428 DO POLÍGONO 17, PROMOVIDA POR D. JOSÉ BERMÚDEZ MÉNDEZ	16/12/2014
1663/2014	2014/G003/001443	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 846 DO POLÍGONO 63, PROMOVIDA POR D.ª MARÍA ENCARNACIÓN GARCÍA TORRADO	16/12/2014
1664/2014	2014/G003/001444	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 222 DO POLÍGONO 12, NOMEADA "MONTE DA ROSA", PROMOVIDA POR D.ª MARÍA CRISTINA LAVANDEIRA PAZOS	16/12/2014
1665/2014	2014/G003/001445	CORRECCIÓN DE ERRO COMETIDO NA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1659/2014 DE RECOÑECEMENTO DE FACTURAS E CERTIFICACIÓNS DAS OBRAS DE "REDE DE SANEAMENTO NO OUTEIRO BAIÑAS" E "REHABILITACION DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN FLUVIAL: AULA DA AGUA". FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2014, LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA	16/12/2014
1666/2014	2014/G003/001446	PAGO AXUDA PRESTACION DO SERVIZO NOITESBUS NOVEMBRO-2014 E PAGO DE AXUDAS XA CONCEDIDAS	16/12/2014
1667/2014	2014/G003/001447	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR ISAMEL SOUSA MOURELLE	16/12/2014



1668/2014	2014/G003/001448	PERSOAMENTO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000252/2014	17/12/2014
1669/2014	2014/G003/001449	SOLICITUDE CON RE 9998, DO 11/12/2014, DE ACCESO A EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN	17/12/2014
1670/2014	2014/G003/001450	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DAS FINCAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS 15093A018018520000QB E 15093A018018480000QA, PROMOVIDA POR D. VICENTE RIVAS NEGREIRA, COMO SECRETARIO DA C.M.V.M.C. DE CURES E MOUZO	17/12/2014
1671/2014	2014/G003/001451	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 781 DO POLÍGONO 58, PROMOVIDA POR D. DOMINGO MOURELLE LEMA	17/12/2014
1672/2014	2014/G003/001452	SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA RECOLLIDA DO LIXO DUN ALMACÉN, SITUADO NO LUGAR DE CAXADAS, 7A, CAMBEDA POR D. MANUEL POSE TOMÉ.	17/12/2014
1673/2014	2014/G003/001453	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 64-1 DO POLÍGONO 7, PROMOVIDA POR D.ª MARÍA TERESA LEMA VÁZQUEZ	17/12/2014
1674/2014	2014/G003/001454	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA AS FESTAS DE SANTA LUCÍA DE TRESOS	17/12/2014
1675/2014	2014/G003/001455	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 69-1 DO POLÍGONO 7, PROMOVIDA POR D. MIGUEL ALLONES POSE	17/12/2014
1676/2014	2014/G003/001456	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 57 DO POLÍGONO 39, PROMOVIDA POR D. JUAN VALIÑA PÉREZ	17/12/2014
1677/2014	2014/G003/001457	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE BEGOÑA RAMOS TORRADO E NURIA CASTELO RAMOS PARA RUA VILAR, 11-3º A	18/12/2014
1678/2014	2014/G003/001458	CONCESIÓN DO SERVIZO DE LAVANDERÍA SOBRE RODAS PARA A SEÑORA ELISA SIERRA DOMÍNGUEZ. DNI 32311789D.	18/12/2014
1679/2014	2014/G003/001460	AUTORIZACIÓN PARA SUSTITUIR O VEHICULO ADSCRITO Á LICENZA DE AUTO-TAXI NÚM. 4 PROMOVIDA POR D. JOSÉ LEMA LEMA	18/12/2014
1680/2014	2014/G003/001462	APROBACION DA LISTAXE DE USUARIOS POR UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Á TAXA POR PRESTACION DE SERVIZOS E UTILIZACION DE INSTALACIONES CULTURAIAS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E ANALOGOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO MES DE DECEMBRO DO ANO 2014	18/12/2014
1681/2014	2014/G003/001463	TRANSFERENCIA DE CREDITO EXPEDIENTE TC/07/2014	18/12/2014
1682/2014	2014/G003/001464	ADXUDICACIÓN DA OBRA NOMEADA "REHABILITACIÓN DE BEIRARRÚAS EN CODESEIRAS"	18/12/2014
1683/2014	2014/G003/001465	RECTIFICACION DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA Nº 1681/2014 DE DATA 18 DE DECEMBRO DE 2014	18/12/2014
1684/2014	2014/G003/001466	NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCIDENTAL POR VACACIÓNS DA TITULAR	18/12/2014



1685/2014	2014/G003/001467	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSA SINALIZACION PARA O CONCELLO DE VIMIANZO	18/12/2014
1686/2014	2014/G003/001459	AUTORIZACIÓN DE CELEBRACIÓN DE VODA CIVIL NO CONCELLO PROMOVIDA POR D.ª LORENZA CASTRO CURES	19/12/2014
1687/2014	2014/G003/001468	SOLIC ALTA NO PMH DE ESTRELLA IGLESIAS DUARTE EN BRIBES 4 VIMIANZO	19/12/2014
1688/2014	2014/G003/001469	BAIXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE Mª ISOLINA REGO PEREIRA	19/12/2014
1689/2014	2014/G003/001470	EXPEDIENTES SANCINADORES DE MULTAS DE TRÁFICO, DR (P2853)	22/12/2014
1690/2014	2014/G003/001471	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PRESENTADA POR D. OSCAR SANTOS RODRÍGUEZ EN REPRESENTACIÓN DA A.X. CHERINKAS	22/12/2014
1691/2014	2014/G003/001472	CONCESIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR SOBRE RODAS PARA O SEÑOR SATURNINO GARCIA INSUA CON DNI 32328379Q E PARA A SÚA CÓNXUXE Dª CONSUELO LEMA PAZOS/COMO (BENEFICIARIA)	22/12/2014
1692/2014	2014/G003/001473	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PRESENTADA POR D. DAVID OTERO OGANDO EN REPRESENTACIÓN DO CLUB DE FÚTBOL CASTRELO.	22/12/2014
1693/2014	2014/G003/001474	DECREMENTO DE HORAS DE SAF DE MARIA ESPASANDIN RIAL	22/12/2014
1694/2014	2014/G003/001475	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA BAIÑAS A, 41, BAIÑAS, PARROQUIA DE BAIÑAS PROMOVIDO POR D.ª MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	23/12/2014
1695/2014	2014/G003/001476	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA BAIÁS A, 41, BAIÑAS, PARROQUIA DE BAIÑAS PROMOVIDO POR D.ª MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	23/12/2014
1696/2014	2014/G003/001477	NOMINA DO MES DE DECEMBRO 2014	23/12/2014
1697/2014	2014/G003/001478	PAGO AXUDAS CONCECIDAS POR NACEMENTO DE FILLO/A ANO 2014 E AXUDAS CURSO ESCOLAR ANO 2014-15	23/12/2014
1698/2014	2014/G003/001479	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE DEPENDENCIA DE FAUSTINO POSE HERMIDA	23/12/2014
1699/2014	2014/G003/001480	ALTA NO SERVIZO DA EIM DE ELENA MÉNDEZ REGOS	26/12/2014
1700/2014	2014/G003/001481	SOLICITUDE DE LICENZA PREVIA PARA AUTORIZACION DE VERBENA POPULAR EN QUINTANS-TREOS O DIA 26 DE DECEMBRO DE 2014	26/12/2014
1701/2014	2014/G003/001461	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000008 PROMOVIDO POR D.ª MARÍA PÉREZ LEIS	29/12/2014



1702/2014	2014/G003/001482	PAGO A GRUPOS POLITICOS MES DE DECEMBRO-2014	29/12/2014
1703/2014	2014/G003/001483	ASISTENCIAS DOS CONCELLEIROS DA CORPORACION DE 01/11/2014 A 22/12/2014	29/12/2014
1704/2014	2014/G003/001484	ORDENACION DE PAGO DE AXUDAS XA CONCEDIDAS PARA FESTEXOS POPULARES	29/12/2014
1705/2014	2014/G003/001485	AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO	29/12/2014
1706/2014	2014/G003/001486	SOLIC ALTA NO PMH DE JAVIER NOVO BUJEIRO EN VILAR 22, 1º D	29/12/2014
1707/2014	2014/G003/001487	SOLIC ALTA N PMH DE MILAGROS IGLESIAS LOPEZ EN BERDOIAS 47	29/12/2014
1708/2014	2014/G003/001488	APROBACION DA XUSTIFICACION DAS AXUDAS OUTORGADAS AS ASOCIACIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2014	29/12/2014
1709/2014	2014/G003/001489	APROBACION DA XUSTIFICACION DAS AXUDAS OUTORGADAS AS ASOCIACIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES CULTURALS E SOCIAIS DURANTE O ANO 2014	29/12/2014
1710/2014	2014/G003/001490	SOLIC ALTA NO PMH DE ROGERIO NUNES GINJA EN VILASECO 40 CASTRELO	29/12/2014
1711/2014	2014/G003/001491	DEVOLUCION DE TAXAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS	29/12/2014
1712/2014	2014/G003/001497	APROBACION DE RELACION DE FACTURAS F/2014/15 E XUSTIFICANTES DE PAGO, RECOÑECEMENTO E ORDEACION DO PAGO	30/12/2014
1713/2014	2014/G003/001498	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS NA LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2015.	30/12/2014
1714/2014	2014/G003/001500	CONCESION LICENZA FESTA DE FIN DE ANO QUE TERA LUGAR NA PRAZA DO CONCELLO O DIA 31 DE DECEMBRO DO 2014	30/12/2014
1715/2014	2014/G003/001499	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS NA LIÑA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2015.	30/12/2014
1716/2014	2014/G003/001501	APROBACION DE DEVOLUCION DO PAGAMENTO DE TAXAS DE ACTIVIDADES	30/12/2014